

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 21

SESION EXTRAORDINARIA DE 21 DE NOVEMBRO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTE:

Caballero Miguez, Gonzalo

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e corenta minutos do día vinteún de novembro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Caballero Miguez. Está tamén presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (256).-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 102/2005 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO) PARA FINANCIAMENTO DAS OBRAS DA REDE DE SANEAMENTO DAS CONCAS VERTENTES AFECTADAS POLA PROLONGACIÓN DO TÚNEL DO AREAL.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 14 de novembro de 2005, adoptou o seguinte acordo:

"24. PROXECTO DE MODIFICACIÓN NA REDE DE SANEAMENTO DAS CONCAS VERTENTES AFECTADAS POLA PROLONGACIÓN DO TÚNEL DO AREAL. EXPTE. 11444/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta técnica redactada polo enxeñeiro municipal, de data 11.07.05, e de acordo co informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 14.11.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de modificacións na rede de saneamento das concas vertentes afectadas pola prolongación do túnel do Areal, por importe de 2.365.117,42 Euros, de acordo ca proposta técnica redactada polo enxeñeiro municipal D. Sergio González Prada.

2º.- Aprobar a contratación polo procedemento de emerxencia das partidas 1.4 e 1.6 do citado proxecto por un importe de 468.874,53 Euros engadindo unha nova partida a xustificar para a realización de proteccións especiais e excavacións manuais en cruzamentos de servizos existentes, rebaixe de nivel freático, etc., por un importe de 100.000 Euros, facendo un total de 568.874,53 Euros, o que permitirá rematar xá o aliviadeiro da rúa Colón construído por Augas de Galicia no seu día e poñer o mesmo en servizo, evitando así as inundacións das rúas Colón e do entorno da Praza de Compostela.

Así mesmo, a Xunta de Goberno local, ós efectos previstos no artigo 72 da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RDL do 2/2000 do 18 de xuño, acorda a iniciación do expediente de modificación de crédito preciso para o financiamento das obras."

Con data 15 de novembro o interventor xeral emite informe relativo á modificación de créditos acordada pola Xunta de Goberno Local, que figura no expediente, e remata dicindo o seguinte:

"En definitiva, as modificacións orzamentarias xa tramitadas e aprobadas, mencionadas neste informe, financiadas con remanente líquido de Tesourería

S.Extraord. 21.11.05

para gastos xerais, xa produciron un desequilibrio pola contía de remanente utilizado e tal déficit verase incrementado no financiamento previsto no expediente que se informa, polo que deberán adoptarse as medidas oportunas en orde ó cumprimento das previsións de ingresos aprobadas no orzamento vixente e o fomento de novas liñas de recursos, todo isto encamiñado a obter unha liquidación de dereitos superior ás estimacións orzamentarias, en aras de cumprir o obxectivo previsto na Lei 18/2001."

Visto o anterior o concelleiro delegado de Xestión Municipal, na mesma data do 15 de novembro, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Anunciar o noso voto a favor e alegrámonos de que a nosa petición de información servise para descubrir o que era necesario ter feito en tempo e hora. Tamén para lle lembrar que neste Pleno se aprobou unha moción do Bloque na que pediamos que se negociase con Augas de Galicia que esa porcentaxe que obrigatoriamente os vigueses e viguesas pagamos todos os anos para obras hidráulicas, se teña en conta. Esta cidade vai necesitar seguir facendo obras agora e sempre co que é importante que o Goberno negocie que unha porcentaxe fixa deses case cinco millóns de euros que todos os anos mandamos para que se fagan obras en Galicia tamén teñan algunha reversión na nosa cidade porque agora imos gastar case 600.000 euros e coido que desa partida de case cinco millóns que pagamos todos os anos ben podía valer para isto e non ter que facer custo do erario público coma sempre. Esta cidade constantemente ten que facer fronte a obras necesarias e case sempre temos que as pagar nós.

SR. RUIZ CENICEROS: Tamén adiantamos o noso voto pero no sentido da abstención. Coidamos que en principio sería conveniente explicar o que pasou en realidade e o que se está aprobando neste Pleno.

Efectivamente, coa modificación orzamentaria que se presenta agora claréxase que é o que aconteceu coas chuvias torrenciais e coas inundacións na Alameda e Urzáiz. Existe un colector non rematado pola Xunta de Galicia no ano 2000. No ano 2002 se aproba un proxecto para o rematar de acordo coas obras de prolongación do túnel de beiramar; esa prolongación en principio afectaba a toda a canalización e desaugamento do centro de Vigo e o que se pretende con este anteprojecto é darlle remate acorde con esas obras de prolongación.

En principio, e polo que consta no expediente, nas obras de prolongación do túnel de Beiramar deixouse lista a tubería para seren conectada, así consta

porque agora se pode facer a obra sen necesidade de levantar o túnel. Sen embargo nesas obras, das que xa tiña pasado o anteproxecto polo Consello da Xerencia e que xa tiñan expediente disposto para ser contratado, nin se incluíu nas obras de remodelación do aparcadoiro de Urzáiz, nin nas obras de remodelación da Alameda, nin no orzamento do ano 2005. Por iso agora é necesario incluílo.

Por iso, aínda que consideramos que as obras son necesarias e isto xa se sabe dende hai anos, como hai unha execución deficiente anunciamos a nosa abstencións.

SR. FIGUEROA VILA: Matizar en primeiro lugar que esta modificación de crédito é para unha obra moi concreta do colector da ronda de Beiramar que está dentro dun proxecto que todos coñecen e que ten un importe de 2.437.000 euros que fala doutra serie de melloras dentro da propia cidade. Dentro da liña do que di o Sr. Fernández, nós imos tentar trasladar este proxecto completo a Augas de Galicia para que se poidan facer cargo dunha parte del que é o lóxico.

Traémolo agora porque é un tema urxente e os técnicos dínnos que a obra deste tramo do colector temos que facela agora mesmo e rápido por iso vai por este trámite de emerxencia.

En terceiro lugar este proxecto non ten absolutamente nada que ver nin con as obras de humanización de Urzáiz nin de Vigo 2005. É unha obra dun colector, un tema de saneamento xeral da cidade que en calquera caso haberíaa que acometer, tivesemos feito obras de humanización ou non.

Queremos salientar isto e o máis importante é que estes 600.000 euros están incluídos dentro dun proxecto global de dous millóns e pico de euros que son os que imos tentar desenvolver en meses futuros.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Iglesias Carrera e López-Chaves Castro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobade Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros

Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Cenicerós e Sío Lourido, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 102/05, relativa ó gasto acordado na Xunta de Goberno Local do 14 de novembro pasado, por un importe de 568.874,53 euros.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD 2/2004, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2.- (257).-DECLARACIÓN MUNICIPAL REFERENTE Á POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SEGUNDO CINTO DE CIRCUNVALACIÓN.

ANTECEDENTES.- De conformidade coas diversas peticións veciñais recollidas no escrito do inspector municipal de Infraestructuras Viarias, de data 17 de novembro, os voceiros dos grupos municipais Sr. Figueroa Vila polo PP, Sra. Porteiro García polo PSdeG-PSOE, Sr. Toba Girón polo BNG e Sr. Soto Ferreiro polo PG, por escrito da mesma data propoñen ó Pleno Municipal a adopción do acordo que se contén no apartado primeiro da parte dispositiva.

Engádegala proposta polo Sr. Figueroa Vila, do Grupo municipal do PP, durante o curso do debate:

Engadir un segundo parágrafo que diga o seguinte:

Que polo Ministerio de Fomento se revise e se corrixa, de ser o caso, a sinalización viaria do segundo cinto antes da súa posta en funcionamento.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Queremos facer unha declaración da Corporación con respecto a un acordo adoptado na comisión de seguimento. Neste Pleno se instou a que se constituise unha comisión de seguimento con todos os representantes veciñais das parroquias. Se non lembro mal xa no mes de setembro fíxose referencia a este punto enviando á Demarcación de Estradas e ó Ministerio de Fomento todas aquelas deficiencias que había nos servizos e nas melloras do segundo cinto e visto que moitas daquelas peticións aínda non se corrixiron a día de hoxe, aínda que algunhas deficiencias, como se analizou na comisión de seguimento, si se subsanaron

coa UTE, pero agora mesmo quedan unha serie de deficiencias importantes sobre todo de servizos, de melloras, que afectan directamente ás parroquias da nosa cidade.

Vaise poñer o segundo cinto en funcionamento e iso parecen boas noticias que se trasladan polos medios de comunicación, e sería conveniente e oportuno voltar remitirlle ó Ministerio de Fomento e á Demarcación de Estradas estas deficiencias para que quede constancia e se poidan ir realizando, ben coa UTE o que o propio Ministerio dea as indicacións correspondentes para que se leven a cabo.

De non se levar a cabo estas obras as dificultades que poderíamos ter serían, en primeiro lugar, un prexuízo claro para as parroquias e para os veciños pero tamén para este Concello porque a medio prazo teríamos que actuar e voltariamos ó de sempre, a unha obra que non é directamente competencia nosa pero nos veríamos novamente con actuacións porque os veciños reclamarían e teríamos que actuar cos cartos do erario público e iso é o que non queremos.

Polo tanto coido que esta reclamación é oportuna, remitirémola ó longo do día de hoxe para que quede constancia e para que axilicen e exista un compromiso por parte do Ministerio, da Demarcación de Estradas ou da propia UTE de empresas para levar a cabo estas cuestións.

Tamén saíu nos últimos días nos medios de comunicación e cando se produciu a reunión non tiñamos coñecemento dunha cuestión con referencia ós indicadores que parece que non son os máis oportunos e non informan dun xeito claro a cidade, ás parroquias e mesmo hai algún erro. Pediríamos engadir un apartado no que se faga referencia a este aspecto para que teñan algún contacto co departamento de Mobilidade e Seguridade do Concello para solucionar esas cuestións que coido que se poden subsanar facilmente e que os veciños ou os cidadáns que nos visiten non se atopen con dificultades á hora de coñecemento e sinalización da cidade.

Sr. Secretario, os voceiros xa estamos de acordo e sería engadir un parágrafo facendo referencia a que antes de poñer en funcionamento o cinto facer un repaso de todos os indicadores.

SR. SOTO FERREIRO: Tanto o Goberno do Partido Popular, que foi o que fundamentalmente ó longo do seu mandato se fixo o segundo cinto, como actualmente o goberno do Partido Socialista con moito menos tempo, téñense caracterizado por funcionar absolutamente ás costas dos cidadáns, sen a máis mínima sensibilidade para escoitar razóns que se lle pediron dende

moitos puntos e cunha incapacidade que escandaliza moito máis a quen fala, que é a de se entender e nin siquera dialogar co Concello de Vigo.

Poñamos os acentos en partes alíquotas proporcionais: Partido Popular moitísimo máis, pero Partido Socialista tamén, pero que a estas alturas o Concello de Vigo teña que dicir que se remata unha obra desta envergadura e que non conta co proxecto que demandou reiteradamente para ter coñecemento do que se estaba a facer, é un verdadeiro escándalo de desprezo do funcionamento democrático.

Unha cousa son as obrigas legais que evidente ningún dos Gobernos de España, nin o do PP, nin o Socialista nin calquera que poida haber no futuro, ten a obriga de dar a un Concello un proxecto que está a desenvolver no seu termo; pero un proxecto desa trascendencia que abrangue boa parte do termo municipal, que necesariamente se sabe en democracia que todos os cidadáns acuden en primeira instancia ó Concello a demandar explicacións, axuda e todo tipo de mediacións e que a sensibilidade dos Gobernos de España teña sido isa, fala ben ás claras do que é o centralismo.

Eu non quero dicir que o Goberno Socialista nin o Goberno do PP non sexan democráticos porque sería inxusto, pero unha actitude centralista insoportable con ese tipo de actuacións, si.

Sra. Alcaldesa, van demasiadas cousas. Seguramente vostede coma Alcaldesa e esta Corporación non soubo petar a tempo para que Vigo sexa respectada como debe ser e xa vai sendo hora. Sra. Alcaldesa, a súa actitude defendendo os intereses de Vigo non foi a máis eficaz, despois de falar das culpabilidades anteriores que están claras, pero tamén lle quero deixar esa reflexión enriba da mesa. Ó mellor tampouco a desta Corporación na que me incluo.

Pola miña parte e por parte do Partido Galeguista non imos ser máis cómplices, nin posibilistas, nin razoables, nin pacientes. Dicímolos con tranquilidade pero con absoluta contundencia e rigor que para nós chegou a hora de que Vigo se dea a valer, se saiba que en poboación urbana, trazando un radio de corenta quilómetros é a novena área de poboación de España e está a ser permanentemente maltratada polos poderes públicos.

Que os poderes públicos tenten de maltratar a Vigo, vale; que o consintamos os vigueses ou quen os representamos, nunca máis.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Estamos de acordo na inclusión desa proposta que fai o Sr. Figueroa porque no pouco que puidemos apreciar a sinalización ou ben

non clarexa ou mesmo confunde nalgúns casos. Por tanto parécenos necesario que se mellore a sinalización vertical.

O compendio de reivindicacións que traemos aquí por parte das asociacións de veciños son sinxelamente cousas que xa deberan estar na axenda do Pleno pero sobre todo do Goberno. Pensamos que desta volta non debemos única e exclusivamente aprobar isto e remitirillo a Fomento; pensamos que dunha vez por todas se deben facer as xestións políticas oportunas para que isto se plasme na realidade.

Non se estivo á altura das circunstancias e boa proba disto é que se se sabe negociar, se se sabe estar á altura das circunstancias políticas hai resultados. Fomento é un dos Ministerios que máis se caracteriza polo seu peche, a súa cerrazón, por non entrar a discutir e dialogar naqueles lugares onde actúa. Pero tamén é certo que se se sabe tocar onde se debe pode ter o seu resultado, posiblemente non o máis apetecible, pero si ter máis resultado do que nestes momentos tivemos.

Boa proba disto e a xestión que fixo o BNG, nomeadamente a parlamentaria dona Olaia Fernández Davila, que gracias a súa xestión acadamos millón e medio de euros máis para mellorar a seguridade no segundo cinto, están reflectidos nos orzamentos xerais do Estado. Iso significa que se se fai unha xestión axeitada e no momento oportuno pode ter o seu resultado.

Iso é o que pedimos a este Goberno. Evidentemente sabemos que o trámite administrativo o cumpren, pero iso non é suficiente, hai que ter negociacións políticas en pé de igualdade; iso si que é posible facelo e os resultados é o que está a agardar a cidadanía.

Se non me falla a memoria debe ser a obra máis grande que ten feito unha administración distinta á administración local e a colaboración cidadá coido que foi impecable; boa proba disto é que nin no Ministerio de Fomento se crían os prazos en canto á execución das obras; boa proba disto é que se remata o segundo cinto moitísimo antes do previsto.

Pero do mesmo xeito que colaborou para deixar facer unha das infraestruturas máis necesarias para esta cidade, o que está demandando a cidadanía en xeral e os veciños e veciñas das parroquias que sufriron as obras en particular, é que as súas demandas non só se concreten nun papel, senón que se plasmen na realidade. Coido que lles debemos iso porque é a conivencia entre as administracións e a cidadanía o que fará posible que esta cidade siga para diante, que aquelas infraestruturas ou outras necesidades que ten a cidade se executen en tempo en prazo pero tamén do xeito que lle corresponde.

Nese sentido debémoslle ese compromiso á cidadanía, ós veciños e veciñas. O Pleno así o vai facer e a Sra. Alcaldesa vai ter todo o noso apoio e coido que de toda a cidadanía pero non hai que enviar o papel única e exclusivamente ó Ministerio de Fomento, hai que iniciar negociacións e obter resultados que realmente é como se miden as xestións.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Sen ánimo de abrir ningún tipo de debate porque ista é unha declaración conxunta que tamén ven asinada polo noso grupo, aceptar a proposta que se fai agora no Pleno polo voceiro do Partido Popular, Sr. Figueroa, propoñendo unha redacción moi concreta que sería engadir ó final da redacción actual un apéndice que podería dicir: "Que se revise e corrixa, no seu caso, a sinalización viaria en todo o seu trazado".

Evidentemente nos alegramos de poder confirmar a información que da o Sr. Viéitez, que nós adiantamos publicamente o venres pasado a través do noso voceiro Antón Louro, da emenda por importe de un millón e medio de euros que se incorpora ós orzamentos do ano próximo para rematar todos os aspectos que quedan aínda pendentes do segundo cinto e que son cuestións importantes para os veciños pero pequenas si as comparamos coas dimensións da obra e o volume deste grande investimento.

Esperamos que a posta en funcionamento do segundo cinto sexa para Vigo un motivo de ledicia e non de crispación ou de noticia non favorable para a nosa cidade. En todo caso queremos lembrar que o diálogo entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento a través da Demarcación de Estradas de Galicia, e dos veciños de Vigo con esta administración do Estado foi o suficientemente fluído para que cuestións coma istas, que son importantes pero insisto en que son menores porque houbo moitísimas máis antes de agora que se foron resolvendo puntualmente, se tiveran en conta dentro dunha obra desta envergadura.

Como non pode ser menos sumámonos a esta declaración institucional e tamén compartimos coa intervención do BNG que convén, Sra. Alcaldesa, que se traslade máis alá do mero trámite administrativo, senón como un punto e final, un peche e colofón dunha obra que se ten que rematar canto antes e entrar en servizo para dar servizo a toda esta área poboacional do sur de Galicia.

SR. FIGUEROA VILA: Dende o Goberno fixemos un seguimento do segundo cinto dende o primeiro día; proba disto é que había dous técnicos responsables para o facer. Fixéronse todos os contactos coa Demarcación de Estradas que

foron difíciles. Si é certo que houbo unha boa relación coa UTE e mesmo en moitos casos fixo obras e melloras pola súa conta e isto sábeno os veciños, pero tamén é certo Sr. Vieite que a día de hoxe dende esta Alcaldía remitimos ó Ministerio de Fomento e á Ministra sete cartas pedindo entrevistas por diversos motivos, incluído o segundo cinto, melloras de infraestructuras, etc. e de momento non hai ningunha resposta e isto tamén o ten que saber a cidadanía.

Eu non quería facer referencia a este tema, xa o fixemos no Consello Social do venres no que lles demos constancia a todos os membros da remisión desas sete cartas persoais da Alcaldía á propia Ministra solicitando unha entrevista para falar de temas de Vigo, incluído o segundo cinto e a día de hoxe non tivemos resposta.

É certo que seguramente vostedes, como son socios ou co-socios en Madrid apoiando os orzamentos, igual teñen máis liberdade para poder acadar certas cuestións. Mellor para a cidade e nós encantados que representantes do seu partido poidan facer emendas e que llas acepte o Goberno, parécenos correcto sempre que sexa en beneficio da cidade porque é bo para todos.

Pero baixo ningún concepto podemos aceptar que se nos diga que non se fixeron xestións políticas porque non é verdade. Estamos no mes de novembro, se dende marzo remitimos sete cartas sae a un promedio de unha carta e media por mes dirixida a un Ministerio solicitando unha entrevista. Non podemos estar no outro lado, eles saberán cal é o motivo, haberá un director xeral, un secretario de Estado ou alguén que nos poida recibir. Temos a vontade pero se non nos queren recibir só lle queda a Alcaldesa sentarse diante da porta da Ministra ata que a reciba e ó mellor chegará o momento en que haberá que o facer.

Consideramos que as formas e as relacións institucionais teñen que se levar doutro xeito, con respecto e seguindo a vía correcta. O que pasa é que chega un momento en que hai que dicir "basta xa" e igual hai que tomar outro tipo de medidas. Quizais esta cidade está empezando a estar nese escenario. Esperemos que baixo ningún concepto esta cidade teña que ir por esa vía. Como Goberno, como representantes e como Partido Político serio e coherente pensamos que isa non é a vía. Ogallá que nunca esta cidade teña que se axeonllar.

SR. SOTO FERREIRO: Díxenlles antes e logo imos tratar unha moción que fala dalgún tipo de comportamento diferente ó que temos mantido.

O resultado está aí, Sr. Figueroa, paréceme que a eficacia de diálogo con respecto ás demandas de Vigo ten sido nula e hai demasiados exemplos que non vou citar agora e cando realmente un atopa pechadas as portas hai que facer outras cousas. Seguramente porque recoñezo que o Partido Popular ten unha cultura nese sentido diferente á que podemos ter outros, cústalle moito arrancar e entón imos ser outros os que nos metamos nese tipo de dinámicas porque é insostible esta situación e ademais sorprende. Con todos os respectos, as actitudes do Sr. Alvarez Cascos non as compartía pero dalgún xeito as comprendía. As de agora nin as comparto nin as comprendo porque non se corresponden co que sole ser consuetudinario co facer de moitos socialistas dos que me teño por amigo e que coñezo, polo menos ata o de agora, hai que o dicir claro. Se alguén está fóra de lugar os demais temos que defender o que sexa necesario e tentar poñer as cousas no seu sitio.

Por outra banda déixenme dicir sen ánimo de polémica ningunha que o outro día houbo unha reunión do CES, e para non confundir o que dixo a Presidenta da Federación de Asociación de Veciños e amiga, dixo que estaba absolutamente insatisfeita da falla de diálogo e comunicación que había nestes intres sobre ese tema. Tender aquí un manto e falar, dialogar e entendérmonos entre todos, tampouco e se teñen ese percepción hai que a cambiar.

Por certo que ten toda a razón o Sr. Vieitez, o comportamento das asociacións de veciños e veciñas de Vigo foi exemplar no tema do segundo cinto, non me coñecen a min nin fago normalmente intervencións cara á galería pero ista cómpre dicila, miren que houbo moitísimas opinións diverxentes no que se estaba a facer en tantas cousas e aí están.

Polo tanto, chamada a que iso sega así en todas as ordes, toda; inxustificable por se hai insinuacións de que esta cidade ten que dar boa imaxe, que todo se desenvolva en paz e se abra en paz, tamén. Pero alguén ten que poñer algo da súa parte e ese algo que se pide é diálogo e algún tipo de resposta que nos diga que non se está a falar coa parede como parece que pasa ultimamente. Non caso do Concello de Vigo nin siquiera iso, non se fala e punto.

Non se envía un documento que o Concello quixera para mediar como é o proxecto e xa non o digo por este proxecto que xa rematou, pero no futuro este non pode ser o comportamento entre administracións, comportamento que califico de desleal e por tanto, Sra. Alcaldesa, non me resigno que o comportamento desleal doutras administracións, fora antes do PP ou sexa

agora do PSOE, pase en van. Imos facer propostas de non resignación e xa o verán na moción seguinte.

SR. VIEITEZ ALONSO: Esta cidade non se axeonlla, esta cidade reivindica, respectando as canles pero reivindica e ten demostrado máis dunha vez que por si soa é quen de sair adiante. Temos capacidade máis que suficiente para afrontar calquera circunstancia. Non fai falla que nos axeonllemos.

En segundo lugar, en canto a que compartimos goberno de coalición ou non, Sr. Figueroa, este proxecto ven dende o ano 94 e púxoo andar un alcalde nacionalista, precisamente cunha administración que non era amiga senón que todo o contrario, mesmo demonizados. En política cando realmente se sabe facer, hai resultados cando se está á altura das circunstancias e cando á parte de enviar cartas vaise onde hai que ir, ó mellor non da todo o resultado apetecible pero hai resultados e aquí os temos.

Iso é o que lle pedimos, non pedimos outra cousa. Se enviaron sete cartas a seguinte vez haberá que facer algo máis que enviar unha carta, evidentemente esta vez tamén.

Sra. Alcaldesa, coido que nestes momentos este é un dos Plenos dos que habería que tomar nota porque vostede vai ter o apoio de toda a Corporación pero hai unha escenificación que non debe pasar por alto: está a ter todo o apoio da cidadanía representado a través dos seus lexítimos representantes como é a Federación de Asociación de Veciños e as asociacións das parroquias afectadas. Estase escenificando o maior acordo posible que puidera haber para que vostede teña toda a forza política necesaria para acadar estas reivindicacións.

A presidencia somete a votación a proposta dos voceiros municipais xuntamente coa engádega formulada polo Sr. Figueroa Vila transcrita anteriormente.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Polo Lima e o Sr. Ruíz Cenicerós).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Dirixirse ó Ministerio de Fomento da Administración do Estado, a través da Demarcación de Estradas de Galicia, ó obxecto de que, con

anterioridade á posta en funcionamento do Proxecto de Obra de Circunvalación de Vigo (2º cinto), se proceda á revisión e, no seu caso, execución das seguintes deficiencias observadas.

Parroquia de San Andrés

Folla 6 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Conducción axeitada das augas pluviais e de mantemento ata o regato de Sanín.
- 2.- Construcción de beirarrúas no viaducto de Fonte Santa e nas glorietas do enlace de Balsa.

Folla 4 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Construcción dunha vía de servizo entre o camiño de Rial e a Estrada de Camposancos de 6 metros de ancho.

Folla 3 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Construcción de beirarrúas en glorieta de Ricardo Mella.

Follas 2 e 1 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Construcción de beirarrúa ó longo de Ricardo Mella dende a glorieta (río Lagares), ata a confluencia do primeiro cinto.
- 2.- Rebaixamento do "badén" no encontro da r/Xuncal e paso inferior. Reconstrucción da fonte pública.

Parroquia de Matamá

Folla 8 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Traslado da fonte de Abelleira cara a zona libre que queda entre o paso elevado e a curva. Recuperación do manancial e canalización das súas augas ata o nacente do manancial.
- 2.- Mellora da curva existente na estrada Abade Xoan de Bastos que accede ó barrio do Freixo.
- 3.- Pendentes excesivas nos viais de servizo paralelos á traza.
- 4.- Establecemento dun sistema de bombo para a traída das augas ó depósito de augas que as conduce ás presas de regadío de Abelar e a Moo. Tapado das bocas do dito depósito.
- 5.- Aglomerado das vías de servizo e establecemento dun acho de 6 metros en toda a súa lonxitude.

Folla 7 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Construcción da presa no camiño de Vilar e conducción das augas pluviais e de manantiais ata o río, dado o elevado caudal que se prevé en momentos puntuais de tromba de augas.
- 2.- Aglomerado das vías de servizo e establecemento dun ancho de 6 metros en toda a súa lonxitude.

Parroquia de Valladares

Folla 10 de 15.- Pleno 3.3.1.

- 1.- Vía de servizo entre o camiño do Cañizo e a estrada do CUVI.
- 2.- Acceso rodado ós muiños reconstruídos.
- 3.- Construcción dun acceso peonil entre o camiño do Cañizo e a xona axardinada superior do falto túnel.

Folla 9 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Construcción dunha vía de servizo entre o paso elevado do PK 105+600 e o camiño de Seixos

Parroquia de Beade

Folla 13 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Reposición e acondicionamento do camiño da Fraga, entre presas e a estrada forestal de Bembrive-Beade.
- 2.- Estrada de servizo entre a estrada de Presas e ponte sobre a autopista do Val Miñor, ancho insuficiente (+- 4 metros). Figura no proxecto a reposición do vial con 6 metros de ancho.
- 3.- Construcción do depósito de auga de 1000 m3 en Presas. Existen dúbidas coa dirección de obra acerca das acometidas e maquinaria dos mesmos.
- 4.- Reposición da presa de regadío en Presas enriba do lavadoiro.
- 5.- Valado do caixón de evacuación de augas pluviais e limpeza do regato ata o polígono de Seixiños.

Folla 12 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Sinalización de paso cortado en vía de servizo.
- 2.- Acondicionamento de beirarrúas na estrada de Porto.
- 3.- Reposición de puntos de luz en camiño de Portaleiras e colocación de novos baixo o viaducto de Porto.

Folla 11 de 15.- Plano 3.3.1.

- 1.- Reposición do sinal de televisión na zona do Pinal, afectada pola altura da rasante da traza.
- 2.- Mellora da curva na estrada de Venda baixo o viaducto.
- 3.- Vías de servizo entre a estrada de Porto e Venda.
- 4.- Vía de servizo entre a estrada de Venda e estrada do CUVI.

Segundo.- Que polo Ministerio de Fomento se revise e se corrixa, de ser o caso, a sinalización viaria do segundo cinto antes da súa posta en funcionamento.

- 3.- (258).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA ÓS RECORTES DE VOOS NO AEROPORTO DE PEINADOR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de novembro, o voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Non imos desperdiciar tinta pra argumentar algo que está na mente de todos: o inxustificábel aldraxe e prexuízo que se lle está a causar a zona sur de Galicia (no sur temos un aeroporto e no norte dous), con cidadás e cidadáns vigueses como primeiros e gran prexudicados (industria, turismo, comercio e relacións humanas).

¿Cabe, xuridicamente falando, a posibilidade de lle formular unha demanda a Iberia por danos e prexuízos ós habitantes de Vigo e do Sur de Galicia? É algo que están a analizar os nosos asesores xurídicos e, se o estiman posíbel, tamén seguiremos esa vía. Como de momento non temos o oportuno dictame sobre este aspecto non vai na resolución, pero anunciado queda.

Consonte co antedito propoñemos:

- 1.- Que o Ministerio de Fomento e AENA preman a Iberia ata que repaña todos os voos que inxustificadamente ven de suprimir en Vigo.
- 2.- Que caso de que isto parecese imposíbel, que se xestione a reinstauración deses voos con outra ou outras compañías.
- 3.- Caso de non atopar compañías pra facer estes voos que Fomento e a Xunta de Galicia, no seu caso coa axuda de capital privado, cren unha nova compañía pra que opere nos aeroportos galegos e en todo caso dende Vigo. De ser así habería que lle retirar o permiso de aterraxes en Peinador á Compañía Iberia.
- 4.- Que os prezos das viaxes entre Vigo e Madrid sexan semellantes ou garden proporcionalidade cos doutros aeroportos que estean a parecida distancia de Madrid.
- 5.- Procura-lo apoio da Xunta de Galicia pra que Peinador conte con voos de baixo custo, como está a ocorrer con outros aeroportos galegos.
- 6.- Que AENA acelere os investimentos en Peinador, incluída a montaxe urxente dunha terminal de carga suficiente pra demanda potencial que temos.
- 7.- Se no prazo máximo dunha semana non hai resposta positiva ás nosas xustísimas reivindicacións, o Partido Galeguista convocará a unha concentración cidadá diante do noso aeroporto, que podería ser seguida doutras posteriores ata que obteñamos un trato xusto."

Proposta de modificación a súa moción formulada polo Sr. Soto Ferreiro durante o curso do debate:

- 1.- Retirar o apartado terceiro da moción.
- 2.- Modificar o texto do apartado sétimo propoñendo a seguinte redacción:

“Se nun prazo razoable e consensuado non obtemos os resultados demandados, convocarase ó Consello Social de Vigo para analizar os prazos, formas e tempos de convocatorias de manifestacións populares en Vigo”.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Dende que presentamos esta moción houbo unha xuntanza do Consello Social de Vigo e, en función do que conversei con algúns compañeiros de Corporación, quixera pedirilles que non dean por presentado o punto terceiro porque o Partido Galeguista votou a favor dos acordos que se propuxeron no Consello Social e non queremos introducir ningún elemento que os puidera distorsionar en ningún sentido. Entendemos que ese punto si o podería facer pero tamén para dicir claro que o retiramos da orde do día pero non do noso pensamento nin das nosas pretensións.

Dito doutro xeito, se se cumpre o que pedimos a través do Consello Social estaremos encantados e para nós ese punto decae, non voltaremos presentalo porque realmente o que queremos é un servizo público eficaz. Se iso non é así e por esas vías non se da satisfacción ó que pedimos, avanzaremos nese concepto.

Realmente recoñezo que hai conceptos que encartan para dicir cousas coma ista, como para dicir que Madrid está moi lonxe e ista é unha delas. Por qué os galegos non podemos xestionar ós nosos aeroportos ou ós nosos portos? Ou decidir onde hai xulgados ou onde non? Realmente é máis eficaz e mellor dicilo dende Madrid que dende aquí? Estea quen estea gobernando en Madrid ou na Xunta de Galicia. Na nosa opinión non e ademais é parte do problema que ó mellor se percibe máis ou menos pola cidadanía pero para nós está claro.

Tamén hai un punto que quen fala é responsable de que estea mal redactado, as cousas por as facer á presa como é o caso desta moción ás veces conteñen fallos. O punto número sete pídelles que o entendan como estaba na cabeza dos redactores: O Partido Galeguista propón que se convoque unha concentración cidadá e por tanto que a asumamos corresponsablemente todos que queiramos facelo, tamén neste caso o Pleno da Corporación. Pero non só o Pleno senón que o Pleno a continuación pode e debe abrir unha mesa de negociación con outras forzas sociais, empresariais, sindicais, veciñais e de todo tipo para que de verdade entendan nalgúns sitios que estamos fartos, que cómpre dicir basta e que nos empecen a tomar en serio e doutro xeito.

Como me comentaba o Sr. Toba antes de comezar o Pleno, ó mellor o prazo dunha semana para a convocatoria como se pide na moción poidera ser precipitado, non suficiente para que unha negociación poida ter froito. Acóllome esa sensata suxestión pero tamén digo que non comparto rotundamente o dito polo voceiro do Goberno, Sr. Figueroa, de que a espera para ver qué pasa sexa de dous meses.

Non imos falar de prazos, se vostedes aceptan convocar á cidadanía conxuntamente, pasemos logo en voceiros e coas demais forzas sociais a discutir cando e como, deixémonos en conxunto a decisión, nós estaremos encantados de que así sexa. Mesmo se todos deciden o que a nós non nos gusta, aceptarémolo solidariamente pero estamos absolutamente en contra de que se pense en dous meses, entre outras cousas porque nese prazo Iberia danos os horarios de primavera e rematou o problema.

Non queremos unha fuxida pola porta de atrás, queremos enfrontar este problema ata as últimas consecuencias.

Deixenme dicir hoxe aquí e vano escoitar moitas máis veces de aquí en adiante algo que pensa e que decidíu a Axecutiva Nacional do Partido Galeguista e eu neste caso teño a honra, coma representante do grupo municipal, do propoñer neste Concello porque loxicamente é o municipio máis directamente afectado.

Se antes falaba de que hai transferencias pendentes de descentralizar e que aeroportos, portos ou decisións de onde se sitúan os xulgados deberan estar nas mans do Parlamento Galego e da Xunta de Galicia e non nas do Parlamento e no Goberno do Estado, déixenme dicir agora que todas estas cousas das que estamos a falar e outras moitas máis como a alta velocidade e un longo etc., por exemplo, acaba de vir aquí despois de longo tempo, a min sóame a séculos pelexando por ela, unha oficina de tráfico; as máis mínimas cousas de servizos cidadáns que non son reivindicacións políticas abstractas ou ideolóxicas, queremos algo tan elemental como que os servizos se acheguen onde están os cidadáns cousa que non se fai con Vigo.

Logo do ter analizado serena e sosegadamente, de ter tragado quina moitos anos pensando que ista era a solución e o principio do fin pero pensando tamén que había que ver se realmente por outras vías había camiños, miramos que non os hai, non imos aceptar ningún espantallo polo camiño, ningún reclamo de ningún tipo, queremos outra clase de solución para todas estas cousas.

Ten que nacer a provincia de Vigo. Vigo ten que ser capital da súa provincia e o Partido Galeguista anúncialles que para nós, nesta e moitas

outras cousas, é parte do problema no que estamos e toco este tema porque é un deles. A provincia da Coruña secularmente tiña un aeroporto que era o de Santiago e, non vou entrar xulgar o fondo do tema, pero por presións da cidade da Coruña, alegando entroutras cousas que era a capital da provincia, agora hai dous aeroportos na mesma provincia. Sumen vostedes os voos deses dous aeroportos e verán o resultado. Na provincia de Pontevedra que non só é iso senón que ademais é o sur de Galicia, temos un aeroporto e como estamos a ver pola moción que presenta o Partido Galeguista e a resolución do Consello Social de Vigo está espantosamente mal tratado. Deduzan vostedes o que lles pareza oportuno pero anúnciolles formalmente por primeira vez pero serán moitas máis no Pleno da Corporación que o Partido Galeguista inicia un camiño do que non vai declinar que é acadar que Vigo sexa capital da súa provincia.

SR. TOBA GIRÓN: Vou empezar clarexando que o Grupo municipal do BNG aceptou a introducción desta moción neste Pleno derivado dunha chamada telefónica e case sen coñecer a moción do Sr. Soto, rompendo o procedemento que temos pactado os voceiros para a introducción de mocións no Pleno que basicamente consiste en que as ditas mocións pasen polas comisións informativas ou cando menos pola Xunta de Voceiros e que daí naza, ben coma alternativa partidaria, ben coma alternativa da Xunta de Voceiros, pero a pesar desta ruptura do procedemento pactado que saben que non nos gusta, aceptamos a introducción deste tema na orde do día do Pleno de hoxe.

Fixémolo porque é absolutamente imprescindible que o Pleno tome algún acordo sobre este tema dunha vez, aceptámolo por imperiosa necesidade, ou é que este Pleno ía estar permanentemente en silencio? Logo dun mes e medio realmente horrible no que nos recortan voos, desaparece unha comunicación ferroviaria, desaparece un Xulgado do Mercantil e nos recortan máis voos. Non sei que máis podería ter acontecido. Por esa razón aceptamos que viñera a este Pleno.

En segundo lugar queremos dicir que dende o noso punto de vista o que debería vir a este Pleno era un acordo do Consello Social da Cidade, acordo que hoxe non está enriba desta mesa porque o Consello Social da Cidade, a pesar de todo o acontecido ó longo do último mes e medio só foi convocado por vostede, Sra. Presidenta, precisamente esta semana pasada.

Ise é un terrible erro, Sra. Alcaldesa, houbo tempo, oportunidade, necesidade e mesmo llo reclamamos nós neste Pleno para convocar o Consello Social da Cidade canto antes e miren que non había asuntos e temas. Temas

derivados da mala xestión democrática desta Corporación por parte de vostede, Sra. Presidenta, que é responsable de non convocar ó máximo organismo representativo desta cidade en momento cruciais e para asuntos que son definitivos para o futuro da nosa cidade. Pero o Grupo de Goberno esqueceuse do fundamental.

O Sr. Figueroa dicía o outro día, na reunión do Consello Social, que se abriran tres melóns, digo eu que tres tema que considerabamos pechados porque se pecharan precisamente no Consello Social da Cidade e en máximo acordo unánime de todas as forzas sociais de Vigo. Niso ten razón o Sr. Figueroa.

Pero no que non ten razón e tampouco vostede, Sra. Presidenta, por canto el é o seu responsable, é en que os temas que son cruciais para a cidade e unha vez acordados politicamente se teñan que deixar de xestionar porque sós non chegan. Sra. Presidenta e Sr. Figueroa, sete cartas e as que fagan falla, quizais hai que enviar menos cartas e facer outro tipo de xestións. Seguramente no mandato pasado houbo menos cartas ó Ministerio de Fomento pero houbo moitas xestións doutro tipo que deron consigo o segundo cinto, o acordo de Cerdedo, que deron consigo que iso que vostede chamaba tres melóns, tres temas, quedaran política e socialmente pechados. Por suposto que se poden enviar máis cartas, ademais agora veñen datas que son acaecidas para iso e seguramente teremos a visita do correo real dos Reis Magos, que é un mecanismo interesante e ilusionante pero pouco fiable para a xestión política. Xestionen politicamente.

En terceiro lugar e en razón de todo o anterior o noso grupo reclama que o acordo do Consello Económico e Social veña ó Pleno deste mes, Sra. Presidenta. Hoxe non pode estar enriba da mesa, hai unha moción do Sr. Soto que nós aceptamos para producir debate e un mínimo acordo neste Pleno pero, igual que no seu día reclamamos a reunión do Consello Social, agora reclamamos que para o próximo Pleno estea ese acordo enriba da mesa. Vostedes saben que eu fun moi crítico nesa reunión do Consello Social pero o noso grupo sométese a votar favorablemente polo ben da cidade a pesar das diferencias que temos con algúns aspectos dese acordo, pero diso xa falaremos.

En cuarto lugar e a respecto do acordo que nos presenta o Partido Galeguista. En primeiro lugar agradecemos ó Sr. Soto que retire o punto terceiro; foi unha conversa que tivemos ó inicio deste Pleno e que coincidimos nas razóns, basicamente porque desenfoca o obxectivo. Falar hoxe de obxectivos que non están enriba da mesa, que non son realistas,

permitiría desenfocar a responsabilidade política e nós non estamos de acordo.

Hai que centrar as responsabilidades políticas con toda claridade neste Pleno e nós queremos facelo porque aquí hai unha administración que é responsable da situación, non é o mercado, nin unha compañía, nin un consello de administración, ningunha administración ten competencias en ningún consello de administración pero si as teñen no que son os servicios públicos de comunicación, cada unha ó seu nivel. Non temos competencias no consello de administración de Vitrasa pero si as temos sobre o transporte público na nosa cidade. Hai quen as ten sobre o transporte aéreo e non é nin este Pleno nin o Goberno galego por máis esforzos que fagan; son o Ministerio de Fomento e AENA e é a eles a quen lles temos que reclamar o compromiso, non cunha compañía, senón coas comunicacións aéreas da nosa cidade que iso si é da súa competencia e aí si que inevitablemente teñen que aceptar o reto.

Por iso agradecemos ó Sr. Soto que retirara ese punto tres que podería dar lugar a un desenfoco sobre o que agora mesmo é a responsabilidade política.

Tamén lle agradecemos a matización do punto sete, non estamos en desacordo con ese punto e non seremos nós quen no seu momento non aposte por canalizar a santísima indignación da cidadanía de Vigo ata onde faga falla, ata a súa propia expresión mesmo na rúa e coa Corporación á cabeza, alí estaremos se así o decidimos. Pero lle dicía eu ó Sr. Soto que hai que se dar tempo porque os camiños da xestión política moitas veces son complexos e requiren dun tempo necesario para resolver os problemas complexos.

En segundo lugar porque vostedes saben dende sempre que nós non vemos o papel da Corporación en principio máis que no que é a toma de posicións políticas arredor dos problemas da cidade.

En terceiro lugar porque esperamos, Sra. Presidenta, que vostede e mailo Goberno local saian do seu ensimismamento e empecen asumir a responsabilidade de xestionar esta cidade de verdade, nos temas que de verdade importan e que non son xa o presente, senón que son o futuro da nosa cidade que pode quedar moi mal en función de que se segan adoptando acordos deste tipo e polo tanto, antes de chegar ás medidas que propón o Sr. Soto e que de ser o caso nós tamén subscribimos, pensamos que hai moitos camiños que percorrer, cousa que non fixo o Goberno local.

Hai que unir á cidade, unirse ó redor do Consello Social coma sempre, hai que presentar os obxectivos a curto e medio prazo. Seguramente o Sr.

Figuroa e o Sr. Soto lembrarán que mesmo no mandato pasado constituimos unha comisión técnica para falar do tema da saída sur e da comunicación de Cerdedo, constituída dende o propio Consello Social. Hai que afondar neses mecanismos, Sra. Presidenta, porque dirixir e liderar esta cidade é atender precisamente a liderar socialmente esta cidade e é moito máis que enviar sete cartas á Ministra de Fomento porque, por experiencia, antes de enviar unha carta ó Ministerio de Fomento o que hai que facer é asegurarse de que a carta vai ir para ó despacho axeitado porque se non é enviar papel, Sr. Figuroa, nada máis ca iso. Hai que se asegurar de que a carta vai ser ben recibida e se van acordar os mecanismos de comunicación entre as dúas Administracións que demasiadas veces non son Ministro-Alcalde, ou Ministra-Alcaldesa, cal sería neste caso; demasiadas veces son comunicacións de segundo ou terceiro nivel que hai que traballar para que ó final apareza a comunicación ó máximo nivel, pero sobre todo para que ó final aparezan os acordos.

Vostedes non traballaron eses acordos, independentemente de que, coma vostedes saben, coido que fun o máis contundente na reunión do Consello Social coa posición do Ministerio de Fomento, e créanme que se hoxe imos apoiar esta moción é porque vemos un primeiro punto absolutamente contundente cos responsables políticos que son AENA e o Ministerio de Fomento e non ningunha compañía.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Para que quede clara a posición do Grupo Socialista o primeiro que quero dicir é que nós tamén aceptamos a presentación da moción do Partido Galeguista malia incumprir o procedemento consensuado entre todos os Grupos, precisamente para que non houbera a máis mínima dúbida da nosa posición coincidente no fundamental coa moción tal e coma queda nestes intres, unha vez retirado o punto número tres e unha vez matizada esa chamada á mobilización cidadá, que nós estamos dispostos a seren os primeiros coa pancarta cando sexa necesario. Unha vez matizado ese sétimo punto, imos apoiar a moción.

Pero para explicar un pouco os moitos temas que están saíndo aquí neste Pleno da Corporación quero dicir que os Socialistas tamén fomos contundentes na reunión do Consello Social.

Estes días nos medios de comunicación léronse moitos adxectivos de "arbitraria", "inxustificada" e "hostil". Foi unha modificación precisamente para demostrar o cabreo que existe nesta cidade respecto á

posición da compañía Iberia. Iso foi unha incorporación proposta por un salientable militante socialista.

Nesa reunión nós preocupámonos dunha segunda cousa logo de deixar perfectamente claro o noso compromiso total cos obxectivos, non de recuperar, senón de aumentar os voos no noso aeroporto de Peinador. Nós puxemos en valor nesa reunión o traballo realizado polo Presidente da Xunta, pola Conselleira de Política Territorial movéndose nesa dirección.

Na propia reunión do Consello Social tivemos oportunidade de lamentar coma socialistas que en efecto a Sra. Alcaldesa enviase un grande número de cartas sobre diversos problemas da cidade e que non recibira contestación. A verdade é que é certo o que di o voceiro do Bloque Nacionalista Galego: ás veces mándanse as cartas para dicir que non se contestan e así poder botalo á cara. Non sei se é o caso pero dende logo o noso compromiso é o de axudar á Sra. Alcaldesa no nome de toda a cidade, incluído este Grupo municipal socialista, a que se lle reciba nas máis altas instancias coma representante que é de todos os cidadáns de Vigo.

Pero algo debe pasar porque á Sra. Alcaldesa non só non a recibiron destacados dirixentes socialistas (a Ministra de Fomento, por exemplo) senón que tampouco foi recibida polo Presidente de Iberia quen dende logo non é sospeitoso de seren un militante socialista. Lembremos coma foi a privatización e ó mellor habería que falar das condicións desa privatización nos tempos do Sr. Aznar que agora ten atada a AENA que non pode facer nada con Iberia, porque unha cousa é unha concesión pública coma a de Vitrasa que é unha concesión deste Goberno municipal e outra é Iberia que é unha compañía privada. Coido que hai un servizo público e por iso imos estar en primeira liña para que tamén AENA e o Ministerio de Fomento fagan todos os esforzos para que as viaxes de Peinador cara o mundo, Madrid, Barcelona e o maior número de sitios, se poidan facer plenamente. Pero non é recibida nin polo Presidente de Iberia, nin por Spanair, nin por Air Nostrum... compañías nas que dende un primeiro momento a Conselleira de Política Territorial está facendo un esforzo impresionante.

Eu non sei se algo terá que ver (porque eu cando lin algún xornal esta mañá preocupeime) con que a Sra. Alcaldesa ás veces exerce máis de militante aguerrida do Partido Popular que de Alcaldesa da cidade, dígoo sinceramente. Ó mellor ten algo que ver iso porque ler que a Xunta é cómplice, que o noso Presidente da Xunta, ou a Conselleira de Política Territorial, os nosos deputados que están a facer un traballo a cotío, arreo, permanentemente para tentar resolver este tema son cómplices deses

recortamentos de voos. Coido que non é de verdade a posición institucional que ten que ter a Alcaldesa da cidade e dígoos sinceramente.

Vai contar co apoio de todos nós, de todo o Consello Social pero dende logo que non con esas actitudes, con eses adxectivos que se coñecen a través dos medios de comunicación, que non respontan de verdade en moitas ocasións á realidade.

Sobre a moción: unha vez retirado o punto tres, de todos os xeitos a min gustaríame que foramos algo constructivos, xa o dixemos no Consello Social, porque hai unha reclamación de que se tomen medidas para potenciar o aeroporto de Peinador, unha reclamación que vai na dirección de facer esa sociedade para a promoción do aeroporto de Vigo. Non o temos que incluír aquí nesta moción pero coido que constructivamente este Pleno da Corporación, ben a través dos foros que xa se presentaron, por medio do Club Financeiro, ou por quen sexa, que tomemos medidas reais.

Iso é gobernar: tomar medidas para facer que todas as forzas políticas e sociais da cidade se agrupen e o mellor pode ser nesa sociedade para facer o que sen ten que facer. Tamén a manifestación e nós seremos os primeiros en estar nesa manifestación se non acadamos resultados en pouco tempo, pero tamén hai que ter posicións institucionais no Goberno e avanzar nesa dirección coido que o mellor sería enormemente positivo: Algo que estamos poñendo todos enriba da mesa, que o puxemos o outro día no Consello Social é que unamos a toda a cidade ó redor disto porque é unha auténtica vergonza que esteamos sufrindo, isto faise non cunhas propostas que non resposten ó criterio de unir todas as forzas coma dixen nun primeiro momento. Para esa unión o Grupo municipal socialista vai estar en primeira liña, pode ter a completa seguridade esta Corporación e o pobo de Vigo.

Polo tanto adiantar o noso voto positivo dado que neste sétimo punto nós quixeramos estar entre os convocantes se é que o final hai que convocar unha manifestación nesta cidade por este tema. Moitas grazas.

SR. FIGUEROA VILA: Imos profundar un pouco neste tema porque coido que é interesante, ten varias vertentes, unha puramente técnica e outra dun contido político coido que importante.

Sr. Toba, voulle dicir claramente unha cousa: Si que hai un ano e medio ou dous nesta cidade pecháronse acordos importantísimos pero porque había un Goberno en Madrid que escoitaba porque a conclusión é que os acordos se plasmaron. Seguramente había menos talante pero máis talento e máis xestión.

Vostede lembrará que había temas importantes e eu vou falar de todos porque dicía o outro día no Consello Social que ás veces o importante de levar anos aquí é que un coñece a historia desta cidade e os antecedentes mesmo de memoria. Voulle dar datos.

En canto ó tema do AVE: reivindicacións, demandas desta cidade, críticas continuas á Xunta do Partido Popular, do Goberno central, ó Sr. Cascos, etc. Non tiñamos AVE por Cerdedo, non había saída sur. Lembaranno todos os membros da Corporación, a cidadanía e os medios de comunicación. Pois a base de peticións, de demandas, de escoitar, de diálogo, etc., acadouse un acordo, acordo que quedou plasmado e mesmo con propostas de UXT que o Sr. Soto defendía, mesmo nun Consello Social onde vostedes puxéronme a min contra as cordas e tivemos que aprazar un Consello un venres e realizalo un sábado ás doce da mañá e onde nós, o Partido Popular, tivemos que aceptar porque coidabamos que era o mellor para esta cidade, unha decisión do Consello Social en contra do noso partido. A raíz daí nace un acordo do AVE por Cerdedo, da saída sur e de suprimir a da beira do Miño. Si, e había un Goberno do Partido Popular en Santiago e tamén en Madrid. Voulló trasladar ó debate político. Tema primeiro pechado porque estaba totalmente acordado logo de moitos Consellos Sociais.

Xulgado do Mercantil: Quen fixo a solicitude? A Xunta de Galicia a través da súa Consellería de Xustiza. Acordado no Ministerio de Xustiza o Xulgado do Mercantil para o Concello de Vigo. Realizou cun Goberno na Xunta do Partido Popular e en Madrid tamén do Partido Popular. Segundo acordo pechado e por iso lle dicía que se abriron varios melóns.

Terceiro: Os voos. Claro que a nós nos foi moi ben con Iberia en Vigo, Sr. Calviño, demasiado ben. Colla os voos que había no ano 97 cando chegou o Partido Popular e analíceos ata o 2003 cando marchou. Rétolle a que analice un a un para que se dea conta de que o aeroporto de Vigo tivo o maior número de voos na historia desta cidade e que vostedes agora están recortando cun Goberno do seu partido.

Eses son antecedentes, están aí. O Aeroporto de Vigo pasou de 600.000 viaxeiros no ano 97 a perto dun millón que imos ter agora. Iso acadouse porque houbo unha aposta decidida polo aeroporto de Vigo.

Vostedes falan de que este ano hai 8 millóns de euros para o aeroporto de Vigo; é a trampa que non llo dixen o outro día pero llo digo agora aquí, é que no ano 2004-2005 non investiron nada no aeroporto de Vigo e acumularon eses orzamentos para o 2008. Polo tanto no ano 2006 hai cero pesetas do aeroporto de Vigo porque veñen do 2004-2005 que vostedes non investiron. En

Madrid gobernaban vostedes. Polo tanto estanse abrindo os melóns dende setembro deste ano e nas dúas institucións gobernan vostedes.

Queren trasladar a esta cidadanía que temos que comezar outra vez coa pelexa? Claro que imos comezar de novo e a imos gañar. Ó final o Goberno da Xunta de Galicia terá que cambiar a súa opinión e tamén o Goberno de Madrid porque coma vostede comprenderá nos orzamentos do ano 2006 para o AVE sur, para o Eixo Atlántico sur non hai nin 600.000 euros, ren, nin para estudos. Esa é a realidade porque son datos obxectivos.

Todos criticaron ó Sr. Álvarez Cascos e é certo que era unha persoa dura nas súas formas e no seu fondo. Pero tamén é certo que dende o ano 94 que se comezou co cinto nós presentamos un trazado no ano 96 que se boicoteou e daquel trazado só fixeron matizacións. Qué curioso que cando vostedes non gobernaban non estaban de acordo con ese trazado, cando gobernaron tiveron que asumir ese trazado con matizacións e a actitude do Partido Popular foi a mesma no 96 que no 2000 cando gobernaban vostedes, é dicir, apoialo. Mesmo un compañeiro desta Corporación, o Sr. Novoa, tivo durísimas críticas por votar a favor dese trazado aquí nun Pleno cheo de veciños.

A diferenza foi que cando vostedes gobernaban sendo eu voceiro falei co Sr. Pérez Castrillo e díxenlle que ía ter unha entrevista en Madrid co Sr. Álvarez Cascos para tentar que se desbloquease e apoiar o segundo cinto. Esa entrevista realizouse, realiceina eu co Sr. Álvarez Cascos para lle dicir que era bo para esta cidade e que había que axilizar ese segundo cinto e así foi. O Sr. Álvarez Cascos, dialogando co Concello de Vigo, ó mellor non nas formas pero si dun xeito efectivo, consignou a cantidade e o segundo cinto está a piques de se rematar.

Qué casualidade que o Ministro a quen sempre criticaban víu este Concello, visitou a Alcaldía e tivemos unha reunión todos os Voceiros. Díxonos que a saída sur dependería única e exclusivamente da Corporación de Vigo. Ninguén me pode facer mentir nese tema, o Sr. Soto estaba diante. Díxonos que quería unha proposta do Concello e que cando a tivese faría o que quixera o Concello para a saída sur e para o convenio coa estación de RENFE. Os que estabamos alí sabémolo. O segundo cinto está rematado e vostede di que é o maior investimento público nesta cidade, pois se fixo co apoio do partido que nós representamos. A realidade e a obxectividade está aí.

É curioso que dende setembro se abran os melóns e temas que estaban totalmente pechados agora se lles dá a volta, ¿por qué? Esa é a pregunta.

Claro que nós dicimos que son cómplices porque hai unha cuestión clara: vostedes van votar a favor dos orzamentos en Madrid. Consideran que son

dignos eses orzamentos para esta cidade? Pregúntolle ó BNG que tanto está criticando: Cómo van votar vostedes os orzamentos en Madrid se á cidade de Vigo estana discriminando? Poden aparecer vostedes diante da cidadanía con ese discurso neste Pleno e ter en Madrid outro totalmente distinto? Están vostedes satisfeitos cos orzamentos que se lle dan á cidade de Vigo? Non fagan discursos demagóxicos.

Eu entendo a posición do Partido Socialista, podo ata entender esa pero non a de vostedes. Vannos dicir que dona Olaia Fernández acadou 1 millón douscentos mil euros para o segundo cinto? Benvidos, por suposto. Pero é iso única e exclusivamente o que precisa a cidade de Vigo? Onde están os investimentos do AVE? Onde as do Aeroporto, do Plan Director que vostedes tanto reclamaron? Cómo van vostedes votar a favor deses orzamentos?

Ten que haber outras cuestións e por iso diciálles que vostedes en Madrid están apoiando ó Partido Socialista e polo tanto non se poden agachar dese debate. A min só me gustaría que me respostaran se están satisfeitos cos orzamentos do Goberno central para Vigo porque, coma vostedes están criticando a discriminación do Goberno central para con Vigo, supoño que non poderán votar eses orzamentos ou, só porque nos deron 1.200.000 euros xa están satisfeitos? Outra cuestión: Non só é que se enviaran 7 cartas. A Sra. Alcaldesa pediulle unha entrevista á Ministra aproximadamente en setembro-outubro do ano 2004, remitíusenos a un Secretario Xeral e iste recibíunos co Director Xeral de Infraestruturas, o Xefe de Gabinete e con outro Director Xeral e baralláronse unha serie de propostas. Tivemos tres horas de reunión no Ministerio para lles trasladar todos os problemas da cidade de Vigo, absolutamente todos porque temos o documento e podémosllo dar cando queiran.

Ainda estamos esperando resposta e vostede sabe que a aquel Secretario xeral logo o cesaron e ó final cambiou todo o Gabinete do Ministerio de Fomento. A día de hoxe ainda estamos esperando resposta de todas aquelas peticións, dunha entrevista de máis de tres horas.

Pero non só iso, a unha das nosas cartas se nos resposta dende a Secretaría dun Gabinete do Ministerio que sería conveniente, para logo ter un debate político, que os técnicos traballasen durante 5 ou 6 meses as propostas para a cidade de Vigo, a do AVE, a saída sur, etc. Así se fixo. Responsables técnicos deste Concello estiveron negociando durante 5 meses co Ministerio de Fomento todas as saídas, a sur, a entrada do AVE, a conexión con Portugal, o ferrocarril a Bouzas, etc., documento que está rematado e vostedes saben pola Xerencia de Urbanismo que se puxo unha data

para visitar a pé a entrada do ferrocarril en Vigo e para ver a proposta. Ian vir uns técnicos de Fomento pero aínda estamos esperando a día de hoxe, xa non sei cantas chamadas máis imos facer.

Por iso que si se fixeron as xestións pero a conclusión é que gobernando en Santiago un bi-goberno BNG-PSOE e en Madrid o Partido Socialista ábrese os melóns de Vigo. Estase abrindo o que estaba pechado con Gobernos do Partido Popular, esa é a realidade.

Queixábanse vostedes de que non tiñan interlocución e resulta que estaban moitísimo mellor vostedes cun Goberno na Xunta e en Madrid do Partido Popular porque se escoitaba a esta cidade e eran receptores das demandas que presentaban, porque os temas estaban pechados.

Insisto nisto porque é algo importante e fundamental. Eran tres temas dos que eu dixen que se abriu o melón dende setembro e supoño, coma aquí se dixo e coma dixo o Sr. Toba, que alguén terá competencia e influencia política para que estas decisións non se tomen. Por qué se toman? Por qué agora se pon en dúbida a saída por Cerdedo? ¿por qué agora se traslada un Xulgado do Mercantil a Pontevedra cando estaba pechado que fose para Vigo? ¿por qué se recortan os voos de Peinador cando dende o ano 97, ano a ano estaba crecendo o número de voos e de viaxeiros? Pero o que é curioso do tema é que a nós nos retiran voos e á Coruña increméntanlle un con menos viaxeiros, A Coruña ten agora máis frecuencias e máis enlaces con Madrid que Vigo tendo 300.000 viaxeiros menos. Alguén terá algunha responsabilidade política neste tema.

Non nos quedemos na anécdota de se convocamos antes ou despois un Consello Social. Nós queremos que as vías de interlocución, tanto coa Xunta de Galicia coma co Goberno central sexan institucionais, dixémolo así e imos esgotar esas vías. Pero o que si temos claro é que se esas vías non froitifican haberá que ir a outras medidas e reivindicacións.

É unha xustificación moi pobre dicir que se o Presidente de Iberia era amigo do Sr. Aznar, pois íanos pero que moi ben co Presidente de Iberia e con Iberia. Miren vostedes as estatísticas do aeroporto de Vigo dos últimos anos, dende o ano 97, recomendo a calquera cidadán, a calquera medio de comunicación que as colla e que as publique.

Non se pode falar agora de rendabilidades e vostede o outro día nun medio de comunicación, Sr. Calviño, defendía o criterio da rendabilidade. Escoiteino e sorprendeume que unha persoa dun carácter e dun posicionamento progresista poida defender a rendabilidade para poñer voos. Preguntáballe á

Sra. Molares coma vostede, Sr. Calviño, defendía este tema, claro que vostede está noutra liña. Pois iso é o que non se pode defender.

Nós imos seguer loitando, reivindicando e demandando o que lle pertence a Vigo pero tamén alguén terá a responsabilidade política neste tema. Nós estamos tremendamente satisfeitos do comportamento dos Gobernos daquela da Xunta e de Madrid en temas importantes para Vigo porque, Sr. Toba, naquel momento se concretaron e iso quere dicir que daquela había interlocutores e persoas que pensaban que había que lle dar á cidade de Vigo o que demandaba e así o fixeron.

As realidades están aí e o que nos está a pasar nos últimos tres meses non ten ningún tipo de explicación. Pero tamén lles digo que dende o Goberno da cidade de Vigo estamos dispostos a actuar con contundencia e con firmeza pero cargándonos de razón.

Coido que xa estamos fartos de discriminacións e de vexacións para a cidade de Vigo e seguramente a resposta vai ser moi contundente pero non só do Goberno, da propia cidadanía. Para que esas respostas se dean a cidade ten que estar cargada de razón e coido que xa empeza a estalo.

Polo tanto, un dito que vostedes utilizan moito: "basta xa", ó mellor vai haber que o aplicar. Iso de "basta xa" e "nunca máis" que ben nos ven agora a algúns.

SR. SOTO FERREIRO: Vou comezar polo final. Para deixar claro o apartado número 7 déixolle a redacción ó Sr. Secretario, pero máis ou menos podería dicir que se nun prazo razoable que sexa consensuado non obtemos os resultados demandados, convocarase ó Consello Social de Vigo para analizar os prazos, formas e tempos de convocatorias de manifestacións populares en Vigo.

Sr. Figueroa, vou dicir en voz alta que esta expresión se lle aplica ós futbolistas emerxentes e voulla aplicar a vostede: nesta Corporación vostede fixo "explosión". Exploxionou vostede coma político e a verdade é que é bo ver coma unha persoa colle unha altura moi superior á que viña mantendo.

Dixo moitas cousas que son verdades pero tamén silenciou outras que poden cambiar a súa intervención. Por exemplo, non dixo que nos custou sangue, suor e lágrimas poder acadar aqueles acordos, moitos anos de traballos e de esforzos para cambiar pulsos que eran francamente contrarios .

Digo isto porque o Partido Galeguista nin está a favor, nin contra alí, desto ou do outro; está a favor de resolver os problemas de Vigo. É máis, e

por se é o caso déixenme dicirlles que non só non nos sumariamos, senón que estamos en contra do que nos semella unha xauría de acoso e derruba das políticas que hai en Madrid contra o actual Goberno de España, miren o que lles digo tamén para seren moi claro cuns e cos outros.

O antedito non quere dicir que non nos queiramos situar na defensa dos intereses de Vigo; se temos que aplaudir ó Goberno da Xunta, ou ó do Partido Popular en Vigo, ou ó do Goberno de España, nós encantados pero resólvannos os problemas uns ou outros.

En primeiro lugar e sobre a convocatoria teño que dicir que é certo o que din. Eu agradézolles a todos os Voceiros e a min mesmo, é dicir, eu tamén fun consultado para ver se esta era unha fórmula que valía porque eu o que pedía era unha convocatoria de Xunta de Voceiros extraordinaria. A min valeume a fórmula pero en todo caso agradezo, coma non, a súa aceptación. Empezo tamén por mostrar unha concordancia para min politicamente moi relevante e direi polo qué, do aserto do Sr. Toba.

O Pleno ten que aprobar o que lle pareza en función do que se acorda en instancias sociais desta cidade de distinto nivel ou competencia e moi singularmente as do Consello Social de Vigo. Dito doutro xeito, tamén lles vou falar doutra intervención anterior do Bloque, a representación da cidadanía viguesa está aquí, neste Pleno, con contundencia. Non está nin na Federación de asociacións veciñais, nin no Consello Económico Social está neste Pleno desta Corporación e hai organismos coma ises preciosos e apreciados que resultan dunha axuda extraordinaria para o desenvolvemento da cidade en todas as ordes, pero algúns temos un concepto moi claro do que deben ser certas formas democráticas.

Por iso comparto as dúas críticas do Sr. Toba. A súa lentitude, Sra. Alcaldesa, en convocar ó Consello Social da cidade de Vigo e ó mesmo tempo por non se decatarse de que o que se aprobe aí ten que pasar por aquí para que a Corporación, os representantes legítimos do pobo de Vigo, digan se aproban ou non o que se acorde no Consello Social ou en calquera outra instancia de Vigo. Digo isto coma fórmula que evidentemente non debera seren transgredida pero por outra banda semella que estamos falando aquí do "Catón da democracia" porque por máis que sexa importante un Consello de Estado, por dicir algo, tamén hai un Consello Social a nivel de España e hai un Consello de Estado que ten unha relevancia enorme, pero quen resolve son os Ministros e o Parlamento.

O Sr. Calviño, que coma todos está moi preocupado por moitas cousas, facía tamén unha apreciación e dicía de facer unha asociación para o aeroporto

coma se fixo en Bilbao. Eu estou de acordo co fondo do que pide pero non é o caso.

En Bilbao, Sr. Calviño, non teñen problema coa alta velocidade, nin cos xulgados; alí de toda a vida teñen oficinas de Tráfico, etc., non teñen a chea de ringleiras de problemas coma temos aquí. Con isto quero dicir, para poñer o acento noutro lado, que aquí temos que ser quen de tratar varios problemas e non só un, non só o do aeroporto. Ó mellor hai que reinventar o inventado, ó mellor hai que reinventar Provigo, e digo reinventar para o reconducir, para lle dar outro tipo de representación tamén aí dentro que axude a dinamizar.

Realmente a Sra. Alcaldesa de Vigo representa o que representa moi lexítima e respectablemente pero evidentemente que se non están as demais forzas políticas pois non.

Non vou entrar moito máis aló porque non se trata agora zorregarlle a Provigo porque non; está moi ben aínda que podería e debería estar mellor. Ó mellor tamén debéra ser a Institución capaz tecnicamente de darnos bases e axudas para a solución de moitos problemas.

Coido que só recollería o substancial da súa inqueda que comparto pero, polo que lle digo, coma haina que extender ó mellor hai que facer algunha cousa diferente ó que fixeron alí.

A estas alturas dáme igual de quen era amigo ou inimigo o Presidente de Aena, ou outro Presidente, se errou o Ministro de Xustiza, se non sei qué... Díxeno o outro día no Consello Social: quero resultados e digo unha frase bíblica: "polos seus feitos coñecerédeos". Quero feitos concretos que nos resolvan os problemas, todo o demais non ten importancia pero os feitos queremos e debemos esperalos xestionando, traballando, non só con cartas nin de amor nin das outras, si con xestión a varios niveis coma dixo o Sr. Toba. Isto haino que facer doutro xeito.

Sra. Alcaldesa, aquí hai unha situación difícil na que eu ás veces síntome incómodo porque digamos que zorregarlle á Alcaldesa é unha posición cómoda e podemos sentirmonos aquí a gusto tres partidos. Pero a partir daí ¿qué? A partir daí dúas cousas: ou hai unha maioría de goberno que governe esta cidade e lle dea estabilidade ó goberno e á oposición, ou arroupamos todos a quen estea gobernando; elixan. Se queren falamos en voz alta de cal sería a mellor fórmula, non teño ningún problema, pero entroutras cousas coma hai a que hai, Sra. Alcaldesa vóltolle ofrecer a axuda do Partido Galeguista, vostede non se está conducindo ben nos últimos tempos. Dáme a impresión que

vostede ultimamente ten unha sensación de impunidade que a está levando a políticas que non facía antes.

Eu calei no Consello Social de Vigo por prudencia pero lle vou poñer unha moción para o vindeiro Pleno, calei para non disturbar algo importantísimo para Vigo pero vostede non era quen, e voullo dicir nunha moción, para convocar unha Comisión Municipal de Xustiza con non sei qué grupos sociais, non é quen legalmente e dende o eido da participación política, menos.

Insisto en que teño unha moción preparada que non quixen presentar agora para non disturbar o discurso que é reclamar o Xulgado do Mercantil, non vaíamos confundir.

As súas actitudes, Sra. Alcaldesa, teñen que ser as mellores e as mellores non son ir de Alcaldesa solitaria pola vida porque non é quen de ter o apoio político para o facer.

Polo tanto, eu ofrézome a axudar e ogallá así o fagan os demais pero vostede ten que presentar as condicións para que a poidamos axudar dende cómo definir as políticas cos Ministerios ou o que queira, tan in extenso coma lle pete, se quere pode ter voceiros todos os días, elixa vostede a fórmula que nós imos colaborar alborozados. Pero tamén lle imos recriminar que non o faga se realmente os resultados non son bos e os resultados da súa xestión nesas grandes temas non son bos, Sra. Alcaldesa, independentemente das culpas dos outros que están moi claras e témolos perfectamente identificados.

Polo tanto, cando lle dicía que nalgo somos todos culpables, na miña opinión os máis son os que son, si, pero os demais temos que facer mellor as cousas para que os resultados non sexan os que se dan.

SR. TOBA GIRÓN: Vou seren moi breve entroutras razóns, vanme desculpar porque teño que abandonar o Pleno en cinco minutos; láméntoo pero ás veces as cousas son así.

Entendo, Sra. Presidenta, que se acepta por parte do Grupo de Goberno que o acordo do Consello Social estea no próximo Pleno para ser debatido e aprobado.

Moitas grazas, Sra. Presidenta, porque coidamos que é absolutamente crucial.

En terceiro lugar, Sr. Figueroa, durante o mandato pasado, vostede sábeo, mesmo lle recoñecemos e lle agradecemos as xestións que realizou diante do Ministerio de Fomento, sábeo porque mesmo foi público nun Pleno no que falamos do segundo cinto.

Pero eu o que lles quería expresar a vostedes, Sres. do Goberno, Sra. Presidenta, é que os asuntos que son importantes da cidade deben ser tratados polos organismos da propia cidade, deben ser definidos, unificada a cidade e actuar en consecuencia.

O 26 de abril do ano 2000 houbo un Consello Económico e Social onde se expuxo o Plan Director do Aeroporto de Vigo. O 24 de abril do ano 2001 houbo o informe do estado de execución e infraestruturas doutras administracións en Vigo. Voulle citar todos os Consellos Sociais convocados para tratar estes temas durante o mandato pasado. O 27 de xuño de 2001, foi tratado nese Consello o proxecto do trazado do segundo cinto. O 2 de outubro de 2001 foron as previsións sobre infraestruturas nos Orzamentos do Estado. O 18 de febreiro de 2002 tratouse sobre novas infraestruturas ferroviarias en Vigo. 18 de marzo de 2002, un mes logo, tratouse sobre a alta velocidade da cidade de Vigo. O 4 de abril de 2002 (mes e medio despois) tratouse da alta velocidade. O 2 de outubro de 2002 o tema foi o da cidade de Vigo e os Orzamentos do Estado.

Con todo iso quero expresar que sen dúbida hai que realizar a xestión política que corresponde ó Goberno pero ista ten unha pata inquebrantable e necesaria que é buscar a unidade da cidade e ista acádase no Consello Social da Cidade, Consello que vostedes non convocan sistematicamente.

Sra. Presidenta, o BNG vai estar sempre a prol dos acordos coma temos demostrado no anterior, neste e no mandato seguinte, daqueles acordos que unifiquen a cidade dende o Consello Social e permitan presentar unha fronte común a toda a Corporación e a toda a cidade de Vigo. Pero vostede ten que galvanizar eses acordos porque para iso é presidenta desta Corporación e por iso tamén é Presidenta do Consello Social.

Créame que se vostede o fai así vai contar sempre co apoio do noso Grupo e coido que tamén co de todos os Grupos dunha Corporación que se está mostrando francamente colaboradora nos aspectos substanciais, coma non pode ser doutro xeito porque aí nos xogamos o futuro.

Pero abandone vostede a posición en exclusiva partidista e asuma a posición de representación da cidade que é a que lle corresponde coma Alcaldesa-Presidenta desta Corporación e coma máxima representante desta cidade. En suma, xestione doutro xeito os tempos políticos e lidere de verdade, se é quen, as reivindicacións desta cidade. Nesa liña nós estaremos e manteremos a mesma actitude de colaboración, créanme, que no mandato pasado tivo o Partido Popular estando na oposición co Goberno municipal. Así foi coma acadamos avanzar nestes temas tan importantes.

Dicía o Sr. Soto que custaron sangue, suor e lágrimas aqueles acordos. Si, pero sobre todo custaron busca de colaboración, de encontro e cada un de nós fixera o seu traballo mesmo dentro da súa propia estrutura partidaria. Ese debe ser o talante, agora si que utilizo a palabra talante, esa verba tan magnífica que está empezando a perder sentido de tanto seren usada, o talante que pode permitir que con vostede de Presidenta e con toda a Corporación avancemos nos asuntos que son importantes. Pero a realidade é que vostede non o fixo ata o momento e é aí onde creba o sistema. Por suposto que anuncio o voto favorable do Grupo municipal do BNG á moción presentada polo Sr. Soto coas modificacións introducidas.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que a miña intención era concentrarme nos voos de Peinador que eran os fundamentais pero unha vez que o Sr. Figueroa "explota" por suposto hai que tratar os temas que el, Voceiro do Goberno, presenta porque o que non lle vou admitir de ningún xeito é que fale de que dende o mes de setembro estoupan un montón de temas na cidade, que se lles dá a volta a unha serie de temas deixando claro que o culpable é, por suposto, o Goberno socialista.

Estamos a falar do tema de Iberia (co do aeroporto de Peinador estendereime logo) e vostede presentou dous temas: o do Xulgado e do AVE. Eu quero dicirlle claramente porque ademais é bo que se saiba que esas cousas se faloron no Consello Social da Cidade, que no tema do Xulgado se acordou que a resolución que tomamos respecto ó Xulgado do Mercantil se lle enviara ós membros do Consello do Poder Xudicial cun engadido que fai referencia a lamentar a non colaboración co Ministro de Xustiza para permitir que o tema de Vigo se resolvera coma a maioría conservadora nese Consello do Poder Xudicial acordou, paralizando o tema do Xulgado do Mercantil en Vigo. Isto responde un pouco a esa estratexia de crispación dos conservadores que leva ó absurdo de que por exemplo o seu Grupo no Parlamento de Madrid votou en contra da emenda que permite que haxa un millón e medio de euros máis para o segundo cinto da nosa cidade; absurdos dese tipo.

Tampouco lle vou permitir que fale de que se están torcendo os temas do AVE coa responsabilidade do Goberno central.

Acaeceron dous feitos. No propio Consello Social voltábase poñer en dúbida que estea consolidado o tema do AVE por Cerdedo, Vigo-Pontevedra-Cerdedo-O Carballiño-Ourense, porque mesmo o a primeira proposta do Goberno municipal ía na dirección de falar de apoiar esa proposta en troques da alternativa pola beira do Miño. Nós pedimos que se retirara ese parágrafo porque é

voltar poñer o debate onde non está. O AVE vai por Cerdedo, o AVE que nos ten que poñer en Madrid por esa vía, está dito en sede parlamentaria, está confirmado en todos os acordos do Plan de infraestructuras de xeito que voltar destapar ese tema é contrario ós intereses da cidade e conste que sei das dificultades que está a pasar o estudo informativo da saída por Cerdedo que leva moito tempo e teño moi claro que vai ser absolutamente vital que todo Vigo, todo o sur e a provincia estean moi vixiantes para que iso se faga e cheguemos ó mesmo tempo a Madrid dende Vigo por Cerdedo que dende Santiago-Ourense-Madrid. Teremos que estar moi vixiantes e ó mellor tamén presionar; aí tamén estaremos os socialistas de Vigo presionando para que iso se faga.

Poñer hoxe en dúbida algo que está confirmado en todos por todos os lados é negativo para os intereses da cidade. Igual que é negativo que se poña en dúbida o tema da disposición a facer de Vigo unha estación pasante, a saída sur ou que vaíamos ata a fronteira portuguesa. Por suposto lamentar que o Goberno portugués por razóns económicas obvias tomara a resolución de non priorizar o AVE Porto-fronteira española pero dicir que nos acordos de Evora, que por certo teñen aspecto positivo aínda que non rotundamente, polo menos hai unha comisión que vai estudar ese tema e fixar prazos para ese tren na parte portuguesa.

O Goberno español non modificou para nada a súa posición, o AVE dende Vigo ata a fronteira portuguesa segue coas mesmas formulacións. Outra cousa é que por razóns de tempo poida construírse pola situación na que se atopan a maior parte dos proxectos. Iso é algo que ten unha enorme historia e que saben que non se pode nun ano de Goberno socialista poñelo en marcha cando absolutamente non había nada porque o que se encontrou o Goberno portugués foi os AVEs que estaban moi pintados polo anterior Goberno portugués pero á hora de ver os papeis, proxectos, planes, orzamentos, non había nada. O que había era un tremendo déficit do orzamento do Goberno portugués.

De xeito de que aí non é aceptable que se bote enriba o tema de que como tratamos estes temas no Consello Social, alá o Goberno socialista que é culpable de todo. O ministro púdose equivocar no tema do Xulgado pero a maioría conservadora no Concello xugou un papel crucial e por iso hoxe non temos o Xulgado en Vigo. Insisto en que o ministro se equivocou e hai que modificar ese erro.

O tema do AVE xa non volto tratalo aínda que vai ser enormemente importante que o fagamos no futuro e vou falar do tema de Iberia e Peinador en xeral.

O voceiro do Goberno fálanos do moito que teñen feito os anteriores Gobernos do Partido Popular polo aeroporto. Non o dubido, fallaría máis que non fixeran algo polo aeroporto que está a medrar constantemente e tamén me fala de que estude os datos. A verdade é que todos os datos dos anos anteriores de números de voos, viaxeiros, etc., non os teño pero si lle podo asegurar que teño os datos do orzamento investido.

Vostede trabucouse un pouquiño porque cando falou dos orzamentos do 2004, nese ano eran orzamentos do Partido Popular, o Goberno cambiou durante o 2004 e foi o anterior Goberno do PP quen fixo os orzamentos. O investimento realizado do 2001 ó 2004 foi de 11,2 millóns de euros. O orzamento que está contemplado no 2006 para o aeroporto de Vigo é de 8.917.000 euros e conste que non nos satisfai e logo direi o por qué.

Como vosteden saben á parte da plataforma de estacionamento de aeronaves é para aparcadoiro de coches que ten que se facer en plantas precisamente pola dificultade máis grave que ten o crecemento de Peinador que xa é hora que o tratemos, isto son tres ou catro millóns para o aparcadoiro de aeronaves.

Digo que non nos satisfai porque nos gustaría que se avanzara moitísimo máis e que se contemplara un tema importantísimo e que sen el o crecemento de Peinador ten enormes dificultades, é o tema das expropiacións de terreos e aí tamén teño que dicir que os parlamentarios socialistas están a traballar nese tema para procurar resolver os graves problemas que saben que ten porque entre outras cousas hai resolucións xudiciais que parece que obrigan a AENA a pagar os terreos do actual aeroporto, o que xa está valado e é unha cantidade impresionante de cartos. Estamos traballando para resolver e axilizar ese tema porque malamente imos avanzar cos colectivos de veciños de montes de man común, dificilmente poderemos avanzar cara montar o aeroporto nos terreos do aeroclub que como saben están alugados á Asociación de montes de man común de Cabral, se non se resolve ese tema. Nós estamos traballando nesa dirección e os comuneros sábeno. Recentemente houbo unha reunión en AENA para tratar de resolver ese tema. Por certo, os comuneros de Cabral non saben nada e este Goberno non lle ten falado ultimamente para o tema das expropiacións dos terreos do aeroporto, non teñen noticias, non hai movemento do Goberno municipal nese tema que é absolutamente vital.

Por iso, entre outras cousas, non nos satisfai totalmente porque obviamente é un problema complexo de resolución como vostedes poden maxinar.

Polo tanto nesta cuestión o que nos gustaría é que se teña claro que a posición do Grupo Socialista vai ser a de unir toda a cidade e no posible ó máximo de institucións para que os obxectivos que nós temos formulado nos acordos do Consello Social se leven á práctica.

Por iso non teño máis remedio que rematar, agás unha referencia a algunhas manifestacións miñas nun programa de televisión, expoñendo a nosa satisfacción coma Grupo municipal de ver como dende que está a nova Xunta de Galicia se lle recoñece a Vigo e están a traballar por Vigo como ata o de agora non viramos en ningún momento. A axilidade, a capacidade de resposta tanto do Presidente como da Conselleira de Política Territorial en todos os temas é moi importante; estásenos a recoñecer e coido que sería un tremendo erro deste Goberno municipal que non tratara de resolver e traballar conxuntamente na mesma dirección que o está a facer a Xunta de Galicia neste tema.

Que por política de "partido" non contribuamos a unir forzas, a cidade, o Concello, tamén a Xunta de Galicia nestes obxectivos.

En canto ás miñas declaracións penso que as veces o Sr. Figueroa escoita mal ou comete algún erro. O que eu dixen nese programa de debate con D^a Lucía Molares era que eu en xeral estou porque as empresas, mesmo as de servizos públicos como son as de aviación, se rexan por razóns de mercado máis que por criterios políticos e iso dígo pensando en Vigo. Isa é a miña frase e coido que tamén o dixen nalgún Pleno, paréceme absolutamente vital e a quen beneficia é a Vigo.

Estamos cansos de dicir que Vigo é quen ten máis pasaxeiros, maior poder económico, etc. O que fai iso é favorecer a Vigo porque obviamente fai que o aeroporto de Peinador que é o que máis viaxeiros ten nunha área importantísima, que ten unha capacidade de potenciar ó aeroporto enorme, que se fixen por eses criterios que son os que nos dan a forza e por iso asómbraos a posición de Iberia. Temos máis viaxeiros, máis demanda para voos a Madrid e nolos retiran. É o colmo. Precisamente porque temos a razón ise debería ser o criterio que mande e non o político porque ó mellor seguro que están pensando que o novo voo de Iberia á Coruña é porque Paco Vázquez tal e cal. De ser así, iso sería un criterio político absolutamente erróneo.

Para a nosa cidade coido que sería fundamental que contribuíramos todos dun xeito unido para que realmente estes temas se resolvan dunha vez.

SR. FIGUEROA VILA: Con referencia a algúns temas que se dixeron aquí hai que matizar algunhas cuestións. Sr. Soto, a Comisión de Xustiza está constituída dende o ano 2001. Explíqueille que naquel intre había unha persoa na Corporación moi sensibilizada cos temas da Xustiza que era o Sr. Lareo e tomouse un acordo por unanimidade de todos os grupos de que o Sr. Lareo representase á Corporación. Mesmo o Sr. Lareo, contra o criterio do noso grupo e en momentos determinados, representaba ó Sr. Alcalde, saben que houbo momentos nos que o Sr. Lareo non representaba ó Partido Popular, senón da Corporación e do Alcalde. Esa comisión constituíuse daquela maneira e a partir daí seguíu formándose.

Non sei por qué se lle fai a crítica a Alcaldesa que parece que é unha persoa autoritaria, que actúa dun xeito fóra de todo contexto e coidamos que é esaxerado.

Con respecto ó que dicía o Sr. Toba cando leu os Consellos Sociais. É certo que se fixo un traballo, concretouse. E agora, de qué nos serve se total alguén toma unha decisión contraria ós acordos que había pechados? Ise é o fondo do tema. Como di o Sr. Soto esta cidade loitou con sangue, suor e bágoas e en moitos Consellos Sociais se chegaron a acordos e agora se toma outro totalmente contrario e, excepto no tema de Iberia que pode ter competencia o Ministerio de Fomento, os demais son do Goberno Central, Sr. Soto. ¿De qué nos serviron todos eses traballos de anos, loitas e pelexas para que agora veña un Goberno e desdiga todo o que dixo á cidade de Vigo? Ise é o fondo do tema. Queremos analízalo con rigor e seriedade ou non?

Sr. Calviño, claro que si, dende setembro se están tomando esas decisións. Nós non gobernamos en Madrid nin na Xunta de Galicia. Cando nós si estabamos en Madrid e na Xunta estes Plenos eran durísimos contra o Goberno do Partido Popular e agora resulta que o tempo pon cada un no seu sitio e o Goberno do Partido Popular nesta cidade concretou o segundo cinto, o Xulgado do Mercantil, o AVE, a conexión con Portugal porque estaban plasmadas; a máis as seccións 5ª e 6ª da Audiencia Provincial en Vigo e tamén o Xulgado do Contencioso.

O aeroporto de Vigo incrementou o número de viaxeiros, de frecuencias e de voos; mesmo dende esta Alcaldía as conexións de Air France con París que estamos agora mesmo con catro frecuencias. Collan os datos dende o ano 97 ó 2004 e saberán o número de frecuencias en que se incrementou. Por iso lle dicía ó Sr. Calviño que me dera amigos así. Eu non sei se era ou non amigo do Sr. Aznar pero o que está claro é que Iberia na cidade de Vigo, co

Goberno do Partido Popular, foille francamente ben e agora tómanse decisións contrarias.

Se o discurso que fixo o Sr. Calviño é que o Sr. Aznar influía no presidente de Iberia para facer o que quería, dígolle o mesmo, Sr. Calviño, déixense de tanto estatut, que se adiquen á xestión do día a día e que o presidente do Goberno influa en Ibera para que poñan os voos como Deus manda para esta cidade.

É o mesmo discurso que fan vostedes coa Sra. Alcaldesa, por iso lles digo que o Sr. Zapatero influa en Iberia para que non recorte voos porque iso era o que facía o Sr. Aznar. Chapeau para o Sr. Aznar porque á cidade de Vigo lle veu moi ben.

Con respecto ó soterramento das vías do AVE nese estudo non está incluído, Sr. Calviño, non lle din a verdade. Vostedes saben que no Consello Social alguén presentou a dúbida de que poida ser que o AVE saia pola beira do Miño. Así o dixo o Sr. Soto que é un especialista e tamén algún membro do Consello Social. Non é o Goberno quen nos estamos preguntando se pode ser ou non a saída por Cerdedo; é que non hai consignación orzamentaria para esa saída. Cómo imos crer iso? Os datos son obxectivos, vostedes no orzamento non contemplaron nin un só euro para a saída sur nin para a de Cercedo, o estudo do impacto medioambiental non contempla o soterramento das vías e niso ten razón o Sr. Soto que coñece mellor o tema que eu.

Por suposto que no ano 2004 gobernaba o Partido popular pero ata marzo e os orzamentos se fan para todo o ano. Vostedes nos anos 2004-2005 investiron 0 pesetas no aeroporto de Peinador e trasladárono ó orzamento do 2006 que o que teñen agora. Cómo imos falar de expropiacións se no borrador dos orzamentos aparecen expropiacións no 2010 para o aeroporto de Peinador? Que eu saiba primeiro se expropia e logo se inviste. Collan o aeroporto de Alvedro e verán como xa figuran as expropiacións no ano 2006, porque van primeiro expropiar e logo investir. A nós estánnos enganando, non van expropiar e por tanto é imposible o investimento porque a expropiación ven no ano 2010.

No 2004 claro que gobernaba o Partido Popular pero ese orzamento xa estaba aprobado e vostedes tiñan que o xestionar e non o fixeron; tampouco co do 2005. Agora dinnos que teñen oito millóns de euros, pois ogallá veñan eses cartos para facer eses investimentos.

Nós o que queremos é que a cidade unida traballe en temas comúns pero levounos moitos anos concretar estes temas e, agora imos empezar outra vez? Pois o faremos e empezaremos outra vez a concretar a saída do AVE por

Cerdedo, o Xulgado do Mercantil, voltar a que non se produzan recortes no aeroporto de Peinador. Estamos dispostos a facelo tamén o dicimos claramente e con honestidade.

Se criticamos á Xunta ou Goberno mal porque din que utilizamos políticas partidistas; se nos calamos peor porque non facemos xestión. Qué é o que queren vostedes que fagamos? Vostede fala da Xunta de Galicia pero, qué fixo ata o de agora? Concretamente a Consellería de Política Territorial concrecións ningunha, en Evora un desastre, hoxe temos outra vez nos medios de comunicación que non só nos recortan os voos senón que llo dan a Coruña. Ó mellor as xestións que están a facer son para a cidade da Coruña e non para a de Vigo.

Sr. Calviño, remítome ós datos: a concelleira foi recibida en Madrid a semana pasada; a nós recórtannos voos ós dous días e llos dan a Coruña. Ó mellor fixo algunha xestión para a cidade da Coruña en detrimento da de Vigo.

Queremos ir unidos e ter fortaleza perante as outras administracións pero tamén haberá algunha responsabilidade política en todos estes feitos, non só é unha cuestión de xestión, nin de se poñer na porta, nin reivindicar, nin facer manifestacións. Alguén terá algunha responsabilidade política. Que non se consigne nin un só peso para o eixo atlántico sur é un problema de xestión? Será un problema de quen vote os orzamentos e os que están sentados nesas bancadas van votar uns orzamentos que contemplan cero pesetas para o aeroporto. Están satisfeitos?

No Partido Socialista aínda é entendible porque ten unha disciplina e ten un partido que goberna; pero o BNG que di que defende tanto a Galicia que a defenda a non ser que teña outros compromisos doutro tipo político para apoiar ó goberno do Sr. Zapatero e tería que se tragar o que aquí critican. As políticas fanse nos orzamentos e o demais é demagogia e discursos. Cando un contempla nos orzamentos os cartos é cando realmente se ten a vontade política de facer as cousas.

A cidade de Vigo nos orzamentos ten 200 millóns para unha depuradora, unha emenda que lle van aceptar á D^a Olaia ou iso esperamos de 1.200.000 para o segundo cinto, o que vai contemplado do aeroporto xa expliquei que é un traslado do 2004 ó 2005 e as expropiacións están para o 2010 co que antes desa data é imposible a ampliación do aeroporto e desenvolver o plan director. Algunhas cuestións máis de Zona Franca, etc., pero para os temas fundamentais que estamos discutindo e polos que vostedes critican a este Goberno, cero.

AVE cero, recortes de Iberia cada día máis, Xulgado do mercantil para Pontevedra. Gustaríame que mo clarexaran, que me dixeran que o BNG vai facer unha emenda e se non poñen 5 ou 6 millóns para o AVE sur non votan os orzamentos. Enton creríamos, pero se non fan esa emenda e o único que acada o BNG para a cidade de Vigo é algo que lle corresponde en xustiza ós veciños do segundo cinto como é rematar unhas melloras e servicios que seguramente xa están feitos.

A trampa dese 1.200.000 euros é que esas obras xa están feitas e hai un modificado no contrato que hai que incluír no ano 2006.

Asuman as súas responsabilidades como faciamos nós cando estabamos do outro lado e faciamolo con dureza e firmeza por parte de vostedes.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Guerra Fernández e Toba Girón e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Que o Ministerio de Fomento e AENA preman a Iberia ata que repoña todos os voos que inxustificadamente ven de suprimir en Vigo.

Segundo.- Caso de que isto parecese imposíbel, que se xestione a reinstauración deses voos con outra ou outras compañías.

Terceiro.- Que os prezos das viaxes entre Vigo e Madrid sexan semellantes ou garden proporcionalidade cos doutros aeroportos que estean a parecida distancia de Madrid.

Cuarto.- Procurar o apoio da Xunta de Galicia pra que Peinador conte con voos de baixo custo, como está a ocorrer con outros aeroportos galegos.

Sexto.- Que AENA acelere os investimentos en Peinador, incluída a montaxe urxente dunha terminal de carga suficiente pra demanda potencial que temos.

Sétimo.- Se nun prazo razoable e consensuado non se obteñen os resultados demandados, convocarase ó Consello Social de Vigo para analizar os prazos, formas e tempos de convocatorias de manifestacións populares en Vigo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.